



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

**T.S.X.GALICIA CON/AD SEC.3
A CORUÑA**

SENTENCIA: 00198/2022

PONENTE: D. LUIS VILLARES NAVEIRA

RECURSO: PROCEDIMIENTO ORDINARIO 7214/2021

RECURRENTE: GERIATROS S.A.; QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES SAU; SAR RESIDENCIAL Y ASISTENCIAL S.A.; GERIATRICOS DEL PRINCIPADO S.A.; GERO VITALIA S.L.

Procurador: COVADONGA VALENCIA VALLINA

Letrado: JESUS ESTEBAN LACRUZ MANTECON

ADMINISTRACION DEMANDADA: CONSELLERIA DE POLITICA SOCIAL; XXX

Procurador: ISABEL TEDIN NOYA

Letrado: ABOGACIA DE LA COMUNIDAD; XXXX

A Sección 003 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pronunciou a

SENTENZA

Presidente:

Francisco Javier Cambón García

Maxistrados :

Juan Carlos Fernández López

Luis Villares Naveira (Relator)

A Coruña, 23 de maio de 2022

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro-. Actividade administrativa impugnada. Posicións das partes.

A parte recorrente presenta unha demanda ante a Sala, que é aquendada a esta Sección, sendo designado Maxistrado Relator Luís Villares Naveira.

A demandante impugna a resolución do Director Xeral de Maiores e persoas con discapacidade da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia de data 25/4/2021, polo que se concede o acceso á información pública solicitada.

Os argumentos en que se fundamenta o escrito da parte demandante son os seguintes:

- a) hai unha serie de dereitos que poden ter sido infrinxidos pola información concedida e a administración na súa resolución non realiza o "test de dano" para avaliar a prevalencia dos dereitos e intereses en xogo, porque a resolución adoece de falta de motivación.
- b) Vulnéranse os dereitos das persoas usuarias das residencias pois revélanse datos da súa intimidade, difundíndose datos de saúde dos falecidos, que se infrinxen aínda que se supriman identidades, afectándose tamén a súa intimidade e causando un demérito á súa imaxe.
- c) Prodúcese un demérito na estima pública das empresas titulares dos centros dos que se publican os datos desagregados, porque esta publicación sen contexto como idade, saúde das persoas ou patoloxías previas afecta á recta interpretación da realidade dos acontecementos, non dando unha imaxe real da realidade do esforzo feito polas residencias de maiores durante a pandemia. Recoñécese o dereito da administración de recabar os datos, pero a súa difusión desagregada supoñen un demérito do honor das persoas xurídicas titulares da residencia.
- d) Un dos límites do dereito ao acceso á información é o prexuízo para os intereses económicos e comerciais. Neste caso, a difusión de datos de contaxiados e falecidos en cada residencia privada sen máis contexto, menoscaba a propia imaxe e iso vai en detrimento dos intereses comerciais da empresa titular. A Lei 19/2013 obriga no art. 14.2. a un xuízo de proporcionalidade entre o dano que se pode producir e o interese público, que neste caso non resulta superior, polo dano á imaxe das empresas que se pode causar.
- e) En canto á condición de investigador do solicitante da información, tal dato resulta irrelevante para modular o acceso aos datos requiridos.

A administración demandada oponse ás pretensións actoras polos seguintes motivos:

- a) Existe motivación suficiente, xa que a resolución recorrida en realidade asume a realizada pola Comisión de Transparencia de Galicia na súa decisión de 30/12/2020, polo que estamos perante unha motivación por remisión.
- b) A información recollida pola Consellería no exercicio das súas funcións - ao dispoñelo diversas decisións da Consellería de Sanidade e do Ministerio- ten carácter de información pública segundo a Lei 1/2016, e polo tanto



calquera persoa pode solicitar o seu acceso. O obxectivo da recollida era que a información pública teña información veraz e transparente de como afectou o COVID 19 no eido das residencias de maiores. No tocante aos datos de carácter persoal, non hai afectación porque estes están suprimidos, e non hai risco de identificación individual. Fronte á anterior argumentación, o trámite de alegacións ás persoas titulares das residencias non achegou motivos que fixesen que a decisión da Administración tivese que ser outra diferente da acordada pola Comisión de Transparencia.

- c) No relativo aos datos de carácter persoal de ningún modo se pode determinar a identidade das persoas, polo que a prevención da actora é simplemente especulativa, porque non só se suprimen os nomes, senón que non se revelan datas concretas de falecemento, senón simplemente períodos de tempo.
- d) Sobre o feito de que a información poda provocar un demérito para a empresa considérase que se trata dun razoamento especulativo e o Ministerio de Asuntos Sociais ordenou facer o traballo de campo para dispoñer de datos concretos e desagregados para atender a demanda de transparencia da opinión pública. Non se explica por que a publicación dos datos dana a imaxe das empresas e as súas expectativas económicas, cando só se publican sen establecer causalidade e sen que implique descontextualización, porque calquera persoa é consciente do alcance que tivo a pandemia en persoas maiores e de aí que as conclusións en ningún caso veñan condicionadas polos datos ofrecidos. O interese público no coñecemento da información é superior ao da empresa en ocultalo para evitar que alguén poda sacar a conclusión de que houbo falta de dilixencia na xestión da pandemia nun determinado centro.

A parte codemandada oponse ás pretensións actoras polos seguintes motivos:

- a) O acceso á información solicitada xa foi acordada por 16 das 19 administracións con competencias na materia.
- b) Os arts. 12 e 13 da LTAIBG indican que a información que posúe a Consellería en exercicio das súas funcións ten carácter público e pódese acceder a ela. A xurisprudencia do TS establece a formulación ampla e expansiva do dereito; só caben limitacións xustificadas e proporcionadas, non sendo estas limitacións unha potestade discrecional da AP, e sen que podan supoñer un menoscabo do dereito.

- c) A motivación do acto recorrido é suficiente porque está baseada na resolución da Comisión de Transparencia.
- d) A solicitude non afecta datos de carácter persoal, porque se piden datos anonimizados e sen data de falecemento, só períodos, polo que non se vulnera a LO 3/2018. Os datos xa foron achegados, ademais, por 16 administracións.
- e) Non se pode limitar o acceso á información por especulación do uso que se poda facer con ela. Se nalgún momento xorde un uso indebido, hai recursos legais para evitalo, pero non se ten dado nin un só relativo ás 16 administracións que os difundiron.
- f) O interese público da información solicitada debe prevalecer sobre o interese comercial das empresas. A afectación de tales intereses é puramente especulativa, sen fundamento real; é máis toda a información publicada ata agora polo demandante non foi obxecto de demanda e a empresa mantivo a súa cota de mercado. A xurisprudencia esixe que a limitación apareza xustificada e proporcionada e o Criterio interpretativo 1/2019 da Comisión de Transparencia acouta a un dano substancial, real, manifesto e directamente relacionado coa divulgación da información, previa ponderación de intereses en conflito. En canto ao "test do dano" non se superan os canons expresados pola actora porque non se acreditan danos, e son simplemente especulativos e a experiencia demostra que non concorreron. Pola contra, si se supera o "test do interese público" na medida en que se dá conta de información relativa a temas importantes para a opinión pública, e facilita a rendición de contas de decisións tomadas por administracións públicas e con diñeiro público.
- g) Sobre a condición de profesional dun medio de comunicación do solicitante, aínda que o dereito asiste a todos por igual, está especialmente vinculado coa garantía do dereito a recibir e e comunicar libremente información veraz, como garantía dunha opinión pública libre, como resalta a xurisprudencia do TEDH.
- h) A pretensión das actoras é un menoscabo inxustificable do dereito de acceso á información, porque todas as súas alegacións se basearon en suposicións e especulacións carentes de respaldo e que de atenderse limitarían inxustificadamente o dereito de acceso á información pública.

Segundo-. Tramitación procesual. Proba practicada e contía do procedemento.



Admitida a trámite a demanda e deducida polos trámites do procedemento ordinario, foi practicada unicamente a documental que obra en autos.

A contía do procedemento fixouse como indeterminada.

Terceiro-. Feitos probados.

Resultou probado neste procedemento que: a información para a que a Resolución da Comisión de Transparencia de Galicia de 30/12/2020 confire acceso non inclúe a incorporación de datos de carácter persoal que permitan identificar a persoas usuarias de residencias privadas de maiores en Galicia.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. Caracterización do dereito de acceso á información pública solicitada á Consellería. Relevancia da condición de profesional da información da persoa solicitante.

Na medida en que o obxecto deste procedemento vén configurado pola oposición ao acceso a determinada información recollida pola Dirección Xeral de Maiores e persoas con discapacidade da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, convén comezar por lembrar a configuración legal deste dereito, que se recolle para o eido estatal nos seguintes termos da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTIBG), sen prexuízo do establecido na Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno de Galicia:

"Artigo 12. Dereito de acceso á información pública.

Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105. b) da Constitución Española, desenvolto por esta Lei.

Así mesmo, e no ámbito das súas respectivas competencias, será de aplicación a correspondente normativa autonómica.

Artigo 13. Información pública.

Enténdese por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito

de aplicación deste título e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións."

En idénticos termos discorre o art. 24.1 da Lei galega, respecto á que a LTIBG ten carácter básico.

No caso que nos ocupa, resulta pacífico para as partes que a información para a que se solicita o acceso, relativa á facilitación do dato de número contaxios e falecementos por COVID 19 ou síntomas compatibles con esta doenza entre persoas usuarias das residencias privadas de maiores de Galicia desagregado por centros, entre as datas de 1 de marzo e 30 de abril de 2020, foi recollida pola Consellería en exercicio das súas funcións. Ten, en consecuencia, a natureza de información pública que lle atribúe o art. 13 da Lei estatal e 24.1 da lei galega.

A configuración legal deste dereito, no entanto, coñece certos límites, establecidos no art. 14 LTIBG, de entre os que interesan para este procedemento os seguintes: *"1. O dereito de acceso poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para: h) Os intereses económicos e comerciais."* Unha limitación que sen embargo non se aplica de forma directa, senón que require un xuízo de ponderación previo nos termos establecidos no apartado 2: *"A aplicación dos límites será xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección e atenderá ás circunstancias do caso concreto, especialmente á concorrencia dun interese público ou privado superior que xustifique o acceso."* Desenvolveremos o precepto legal no estudo da alegación feita polas demandantes.

Titular de acceso ao dereito é, segundo o art. 12 LTIBG, calquera persoa, e nese sentido é certo, tal como indican as demandantes, que a codemandada non ten máis dereito que os demais ao acceso polo só feito da súa condición de profesional dun medio de comunicación. Agora ben, é certo tamén que neste caso o acceso á información configúrase non só como un dereito en si mesmo recoñecido constitucionalmente no art. 105.b CE, senón que ademais é instrumental ou medial para facer efectivo o dereito de rango fundamental a *"comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión"* recollido no art. 20.1.d. CE, función que entre outras ten o exercicio do xornalismo, por medio da cal cumpre un papel fundamental para a formación dunha opinión pública libre nunha sociedade democrática. É por isto que, tal como alega o codemandado, incluso a xurisprudencia do TEDH (Caso Magyar Tartalomszolgálatók Egyesülete e Index.hu Zrt v. Hungría, nº 22947/13, de 2 de febreiro de 2016) recoñece que a negación do



acceso á información implica a interferencia no dereito de comunicar información veraz, atribuíndo ás persoas profesionais da información un papel relevante no exercizo deste dereito para o conxunto da cidadanía. Disto debe concluírse non que a persoa xornalista teña máis dereito que calquera outro cidadán, senón que o seu dereito non só é un fin en si mesmo senón instrumental do exercizo dun dereito fundamental e por isto mesmo suxeito dunha máis intensa protección xurídica e mesmo xurisdiccional, dada a natureza do dereito, tal como prevé o art. 53.2 CE.

Segundo. Sobre a suficiencia da motivación da resolución recorrida.

Sosteen as demandantes que a resolución recorrida adoece da motivación suficiente para rexeitar as peticións actoras.

Unha primeira aproximación á resolución recorrida podería facer pensar que efectivamente é así e que a motivación se restrinxe a indicar que como a información está recollida en exercicio das funcións da Consellería xa é determinante do seu carácter de pública que determina o dereito de acceso, cando iso deixaría sen contido o resto de prescricións da Lei de Transparencia onde se establece a forma de exercicio do dereito e máis a aplicabilidade dos límites alí previstos. Sucede non obstante, como fan notar as codemandadas, que en realidade se está dando resposta complementaria ao contido da Resolución da Comisión de Transparencia de Galicia de 30/12/2020, á que alude a propia resolución recorrida, quen se ben recoñece o dereito de acceso tamén sinala que non se deu trámite de audiencia ás agora demandantes. É obvio que o trámite de audiencia debe ter por finalidade que se poda obxectar ao pretendido, e a resolución recorrida sostén que do alegado non aparecen méritos para se apartar da consideración xurídica xeral feita pola Comisión para acordar o acceso aos datos. Certamente, esta forma de motivación, por remisión a un texto que non forma parte da resolución pero que aparece explícito no texto, coñecido como argumentación "*in aliunde*", se ben non é a técnica xurídica desexable de construción dunha decisión administrativa, debe ser admitida por ter sido avalada constantemente pola xurisprudencia (*vid.* a invocada STS de 11/2/2011 ROJ: STS 555/2011 - ECLI:ES:TS:2011:555 , ou a recente STS nº 1581/2021 de 22 de decembro ROJ: STS 4909/2021 - ECLI:ES:TS:2021:4909, en cuxo FX 4º se di expresivamente que "*.. sabemos que é conforme ao ordenamento xurídico a motivación in aliunde*"), porque ao cabo permite coñecer os motivos da decisión, que é o relevante para que non

se produza indefensión nin se produza a arbitrariedade da actuación administrativa.

O motivo debe ser rexeitado.

Terceiro. Sobre a posible lesión do dereito á protección de datos de carácter persoal das persoas contaxiadas ou falecidas por COVID usuarias das residencias de maiores.

Sostén en primeiro lugar a demandante que o acceso á información solicitada podería vulnerar o dereito á protección de datos de carácter persoal das persoas usuarias das residencias, que tivesen resultado contaxiadas ou/e falecidas.

Esta alegación está orfa de calquera argumentación sólida que permita encaixar o acceso dentro do ámbito de protección da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, na medida en que os datos solicitados están completamente dissociados de ningún tipo de información, de xeito que non resulta posible dese só dato numérico identificar a persoa ningunha. Mesmo no caso de que se desen hipóteses extremas como residencias de un só usuario ou datos de contaxio e/ou falecemento da totalidade das persoas usuarias, non habería por medio da información acceso á súa identificación, polo que o motivo debe ser descartado sen máis ao non encaixar no ámbito previsto no art. 1 LOPD.

O motivo debe ser rexeitado.

Cuarto. Sobre a lesión do dereito ao honor, a intimidade ou á propia imaxe das persoas contaxiadas ou falecidas por COVID usuarias das residencias de maiores.

Alégase en segundo lugar a lesión do honor, a intimidade e a propia imaxe das persoas contaxiadas e/ou falecidas usuarias das residencias privadas de Galicia.

Tal motivo non pode ser acollido, en primeiro lugar porque, tal como se explicou no FX anterior, ao non se xustificar de modo ningún de que maneira unha difusión de carácter estatístico podería implicar identificar ás persoas usuarias, non pode vulnerarse ningún destes dereitos se non se asocian nomes e doenzas ou falecementos. Pero é que ademais, aínda que puidesen ser identificadas, non se acredita que titulo asumen



as demandantes para accionar por esta causa dos establecidos na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, que en relación ás persoas falecidas delimita no art. 4 unha serie de persoas facultadas para facelo entre as que non se atopan os propietarios dos centros. Certo é que neste caso parecen as demandantes asegurar de forma preventiva que esa vulneración non se produza, pero en calquera caso a Sala entende que a mesma non ten lugar ao non se albiscar a forma en que da simple relación estatística se pode pescudar a identidade das persoas.

Indica a codemandada o dato de que a información que aquí se solicita xa foi feita pública na meirande parte das Comunidades Autónomas sen que consten denuncias por infracción destes dereitos. Aínda que isto por si só non fose óbice para dispensar a tutela solicitada se concorrese a infracción xurídica denunciada, o certo é que non deixa de ser significativo que non se teñan producido ata o de agora.

O motivo debe ser rexeitado.

Quinto. Sobre a lesión do dereito ao honor, a intimidade ou á propia imaxe das empresas titulares das residencias privadas de maiores en relación ás que se solicita da Consellería o acceso á información. Sobre a concorrencia do interese económico e comercial como límite ao acceso.

O argumento final das recorrentes é a lesión do dereito ao honor que para as propietarias das residencias pode ter a difusión de tales datos, polo feito de que unha publicación descontextualizada pode inducir a pensar que non houbo unha dilixencia debida no coidado das persoas a cargo. Relacionado con isto, apúntase precisamente que derivado desta afectación poderían desencadearse consecuencias negativas derivadas da perda de credibilidade e con isto, de clientela.

Ambas derivadas deben ser rexeitadas.

No relativo á afectación do honor e propia imaxe das empresas, a Sala considera que non pode vulnerar a honra dunha mercantil a difusión pública de datos reais e estatísticos sobre a incidencia da pandemia en cada un dos centros. En realidade as demandantes reprochan que os datos van ser emitidos descontextualizados ou non explicados, o que pode levar á cidadanía a formarse unha opinión equivocada sobre a forma de xestión da pandemia no centro. Na medida en que eses mesmos

datos xa foron ofrecidos en relación ás residencias públicas, estase producindo un tratamento informativo igualitario de situacións, polo que a información estatística desagregada só completa o mapa territorial e situacional pretendido pola normativa en base á cal se produciu a recollida de datos. Non publicalo deixaría ás entidades privadas nunha inxustificada situación de opacidade, que tamén podería dar lugar a especulacións sobre as razóns de non facelo. O razoamento especulativo empregado polas actoras presupón un prexuízo a respecto da formación da libre opinión de cada cidadán/á a respecto da xestión da pandemia nas residencias privadas, que consideran que basculará sobre unha idea negativa do que alí sucedeu, sen que a priori existan razóns para esa sospeita. Para xustificar esta posición acoden as interesadas ao reproche de descontextualización ou falta de explicación deses datos que se achaca ao acceso; en relación a isto débese recordar que ningunha lei impide ás empresas facer públicos eses datos voluntariamente e acompañalos das explicacións que consideren oportunas; máis ao contrario, precisamente a norma o que busca é a transparencia a respecto de informacións de carácter público e dotadas en caso coma o presente, como agora se xustificará, nun intenso interese xeral.

No relativo á posibilidade de limitación do acceso aos datos solicitados por posible afectación de intereses económicos das demandantes, debemos comezar por lembrar que a xurisprudencia caracterizou este dereito de acceso pola súa formulación *"ampla e expansiva"*, o que obriga a *"interpretar de forma estrita, cando non restritiva, (...) as limitacións a ese dereito que se contemplan no art. 14.1. da lei"* (cfr. STS nº 1547/2017, de 16 de outubro ROJ: STS 3530/2017 - ECLI:ES:TS:2017:3530 , FX 4º), lembrando posteriormente a STS nº 1565/2020, de 19 de novembro (ROJ: STS 3866/2020 - ECLI:ES:TS:2020:3866) no seu FX 3º que a limitación de acceso *"non constitúe unha potestade discrecional"* e que *"só resulta posible cando concorra un dos supostos legalmente establecido, que apareza debidamente acreditado por quen o invoca e resulte proporcionado e limitado polo seu obxecto e finalidade"*.

Pois ben, no caso que nos ocupa, de novo estamos ante unha construción especulativa carente de apoio neste procedemento, pois non foi achegada ningunha fonte de proba que permita concluír ou conectar causalmente a publicación de datos desta natureza co rumbo económico das empresas.

Pero é que aínda que así fose, debe terse en conta o xuízo de ponderación deseñado no art. 14.2 da Lei, e que foi enunciado polas partes como *"test de dano"* e *"test do interese público"*, segundo onde poñan o acento da ponderación. En calquera caso,



é a aplicación do límite a que debe estar xustificada e proporcionada, en función do seu obxecto e finalidade de protección no caso concreto, tendo en conta "especialmente (a) concorrencia dun interese público ou privado superior que xustifique o acceso."

Pois ben, a Sala chega á conclusión, en coherencia tamén cos parámetros xurisprudenciais expostos, de que o interese público resulta prevalente sobre a limitación por motivos privados de interese económico propostos polas actoras.

En xeral xa a lei declara información pública e polo tanto predica a regra xeral do dereito ao seu acceso polo simple feito de ter sido recollida pola administración no exercicio das súas funcións (art. 13 LTIBG), derivadas neste caso tanto do *Acordo de 3 de abril de 2020 (DOG nº 68, de 7 de abril) polo que se establece a notificación obrigatoria dos casos e falecementos relacionados co COVID-19 por parte dos centros, servizos e establecementos sanitarios e sociosanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, a Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, (BOE 81 do 24 de marzo, modificada pola Orde SND/322/2020)* da que trae causa, así como do o *Protocolo conxunto da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social para o manexo da crise sanitaria provocada polo virus SARS CoV-2 (COVID-19) nas residencias de maiores e noutros centros sociosanitarios.*

Tal como fai notar o Letrado da Xunta de Galicia, neste caso ademais, como se deduce da anterior normativa, o Ministerio de Dereitos Sociais acordou coas CCAA a elaboración dun censo de residencias, así como do dato de persoas residentes e finalmente a recolleita da información sobre contaxios e falecementos para que as autoridades puidesen ter unha imaxe homoxénea, completa e actualizada da evolución da pandemia nas residencias, así como atender á *"demanda de transparencia sobre as cifras que existe na sociedade"* nesta materia.

E é que non pode descoñecerse que dificilmente pode concibirse asunto sobre o que exista un maior interese público que xustifique transparencia na actuación e o acceso á información, que a xestión da pandemia, pola convulsión social que produciu, os danos persoais e o sufrimento que ocasionou, así como a limitación de dereitos e liberdades e perdas económicas que supuxo. Neste contexto, non é admisible que un interese particular de determinadas residencias privadas de carácter económico non correctamente acreditado, fundado en que a cidadanía poda relacionar unha hipotética falta de dilixencia na xestión da pandemia nos centros co número de contaxios e falecementos, deba impoñerse sobre o dereito a

coñecer os datos, que en si mesmos están desprovistos de toda connotación ou valoración e cos que se pretende render contas da xestión administrativa da pandemia (non esquezamos que as residencias privadas de maiores foron declaradas operadores dos servizos esenciais cos efectos previstos no art. 18.2. do RD 463/2020), da eficacia das medidas adoptadas, así como o destino dos cartos públicos. En definitiva, no xuízo de ponderación imposto polo art. 14.2. LTIBG debe primar o dereito ao acceso á información pública pola concorrencia dun imperioso interese xeral en coñecer, tamén no eido do sector das residencias privadas de maiores, a eficacia na xestión da pandemia do COVID 19, como medio de fornecer á cidadanía de elementos que podan conformar unha opinión pública libre, presuposto ineludible para a boa saúde democrática de calquera país.

O motivo debe ser rexeitado e con el o recurso na súa totalidade.

Sexto. Consecuencias da aplicación do razoamento exposto nesta resolución.

A argumentación exposta na fundamentación precedente debe conducir ao rexeitamento total das pretensións da parte demandante, e proceder así este tribunal a declarar a conformidade a dereito da resolución obxecto de recurso (artigos 68.1.b e 70.1. LXCA).

Sétimo. Sobre as custas do procedemento.

De conformidade co establecido no artigo 139.1 da LXCA, o rexeitamento das pretensións do recurso determina a imposición as custas devindicadas á parte demandante. Establécese asemade unha **limitación** da contía de 1500 euros por todos os conceptos, en atención á materia obxecto do recurso así como o esforzo probatorio realizado polas partes.

Logo de ver os artigos citados e demais de xeral e pertinente aplicación, este Tribunal dita a seguinte

DECISIÓN



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

Que, con **rexeitamento** do presente recurso contencioso-administrativo PO nº 7214/2021 interposto contra a resolución do Director Xeral de Maiores e persoas con discapacidade da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia de data 25/4/2021, polo que se concede o acceso á información pública solicitada, debemos:

Primeiro: declarar a conformidade a dereito da resolución obxecto de recurso que, en consecuencia, confirmamos.

Segundo: Impoñer as custas deste procedemento ás partes demandantes.

Réxime de recursos: Contra esta sentenza cabe **recurso de casación ordinario** nos termos establecidos no art. 86 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, dentro do prazo de trinta días computados dende o seguinte á súa notificación, que se preparará ante esta Sala, a medio de escrito presentado cos requisitos indicados no art. 89.

Así o pronunciamos, mandamos e asinamos.